

Proxecto orzamentos5 2015



11 | Mato reafirma o compromiso do Goberno galego co colectivo autónomo ao que destina este ano 25 millóns de euros

4 | Beatriz Mato e Rocío Mosquera presidiron a segunda xuntanza da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Atención Sociosanitaria de Galicia

2 | O orzamento da Consellería de Traballo e Benestar ascenderá en 2015 a 742 millóns de euros, un 2 por cento máis que este ano

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu en comisión parlamentaria para explicar as contas do seu departamento de cara o próximo ano

18 | **Publicacións**
Catálogo de publicacións na web

12 | **Informe do paro rexistrado**

Galicia pecha o mes de outubro como a Comunidade autónoma coa maior baixada interanual relativa do paro rexistrado

14 | **EPA**

Enquisa de poboación activa 3º trimestre de 2014

10 | Máis de 14.000 persoas beneficiaranse da orde de formación para ocupados grazas a un orzamento de 6,5 millóns de euros



Sumario	Orzamentos 2015	2-3	EPA	14-15
	Política social	4-7	Xuventude e voluntariado	16-18
	Traballo	8-15	Publicacións	18-19
	Informe do paro rexistrado	12-13	Normativa	20-28

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	



O orzamento da Consellería de Trabajo e Benestar ascenderá en 2015 a 742 millóns de euros, un 2 por cento máis que este ano

- A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu en comisión parlamentaria para explicar as contas do seu departamento de cara o próximo ano
- No marco do Plan de dinamización demográfica, está prevista a creación de 2.000 novas prazas en escolas infantís en dous anos, a posta en marcha en 2015 das primeiras casas niño, e o incremento da prestación por fillo a cargo
- A inclusión segue sendo unha das principais prioridades, cun orzamento global de 70 millóns de euros, un 17,7 por cento máis que neste exercicio
- Aumenta nun 20% o orzamento da RISGA e un 10 por cento o da orde destinada aos concellos en materia de inclusión
- A dependencia contará cunha partida de 298,4 millóns de euros, polo que volve ser a área cun maior esforzo orzamentario da Consellería
- Na área laboral, porase en marcha como novidade a Iniciativa de emprego xuvenil (YEI) que, con 19'5 millóns de euros en 2015, complementará o Plan de emprego para este colectivo iniciado este ano
- Blíndanse as partidas dirixidas a autónomos, emprendedores e cooperativas, que disporan de novo de 27 millóns de euros
- A orde para a contratación de perceptores da RISGA dobra o seu investimento ata os 10 millóns de euros.

Santiago, 31 de outubro de 2014.- O orzamento da Consellería de Trabajo e Benestar ascenderá en 2015 a 742 millóns de euros, un 2 por cento máis

que este ano, o que en termos absolutos se traduce nun incremento de 15 millóns. Así o apuntou a conselleira, Beatriz Mato, durante a súa comparecencia en

comisión parlamentaria.

Na análise polo miúdo das contas do próximo ano, a titular autonómica fixo especial fincapé nas medidas que se tomarán no marco do Plan de dinamización demográfica de Galicia, un dos aspectos que "máis preocupa" ao Goberno galego.

Así, entre outras medidas, anunciou que se crearán máis de 2.000 novas prazas de escolas infantís nos próximos dous anos –"o dobre de prazas das que había en época de bonanza económica"-; que se porá en marcha, en 2015, as primeiras casas-niño nas provincias de Lugo e Ourense; e que se aumentará a prestación por fillo a cargo para ser equivalente á dedución fiscal. A este respecto, lembrou que o Goberno galego xa anunciou que en 2015 se incrementará a dedución por nacemento ou adopción do segundo fillo ata 1.200 euros

anuais e, no caso do terceiro, ata os 2.400 euros ao ano, "a maior axuda á natalidade de todas as comunidades autónomas". Por iso, a Consellería "fará extensiva esa dedución fiscal ás familias galegas que non teñen a obriga de presentar a declaración da renda e que non a presentaran voluntariamente".

Tamén na área de benestar, Mato incidiu en que a inclusión segue a ser unha das principais prioridades. Proba deste compromiso, é que as partidas globais destinadas a este eido crecen un 17,7 por cento, ata os 70 millóns de euros. "Un incremento que aínda ten máis relevancia se temos en conta que este ano xa se tiñan incrementado nun 20 por cento", destacou.

Dentro deste eixo, detallou que a Renda de integración social de Galicia (RISGA) estará dotada con 47,7 millóns de euros,

8 millóns máis que o orzamento inicial do 2014, un 20% de suba. O investimento na orde destinada ás entidades de inclusión tamén se incrementará nun 42 por cento ata os 4 millóns, mentres que a dirixida ás corporacións locais medrará nun 10 por cento, ata os 1,76 millóns.

As contas para 2015 recollen un orzamento de 298,4 millóns para a atención á dependencia, de xeito que esta área volve supoñer "o maior esforzo orzamentario da Consellería", o que permitirá seguir incorporando novas altas ao sistema de dependencia.

Lembrou, ademais, que Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior porcentaxe de servizos profesionais fronte a prestacións económicas, "unha aposta que se volve reforzar en 2015 ao recoller os orzamentos un incremento de 15,3 millóns de euros en novos servizos para persoas con dependencia".

Xa, no eido da discapacidade, destinaranse 100 millóns de euros a esta área, un 3 por cento máis que en 2014. Trátase do segundo

ano consecutivo que aumenta o orzamento para este colectivo, o que permitirá que, antes de que remate o ano, se poñan en marcha 140 novas prazas de atención á discapacidade. Cabe lembrar, ademais, que o investimento destinado aos programas de emprego para estas persoas aumenta ata os 17,7 millóns de euros.

Emprego xuvenil

Na área laboral, Mato incidiu en que a inserción laboral dos desempregados é a primeira prioridade para o Goberno galego. E, engadiu, que o colectivo de mozos e mozas "preocupa especialmente".

Por iso, este ano púxose en marcha o Plan de emprego xuvenil, con 19 medidas concretas de diversos departamentos da Xunta e cun orzamento total para dous anos de 100 millóns de euros.

Complementario a esta iniciativa, a conselleira anunciou que o próximo ano se porá en marcha a Iniciativa de emprego xuvenil (denominada como YEI), que forma parte da Estratexia de garantía xuvenil

impulsada pola Unión Europea no período 2014-2020. O seu obxectivo é garantir que todos os menores de 25 anos que terminen a súa educación formal ou queden desempregados reciban unha oferta de emprego, de educación continua ou un período de prácticas nun máximo de 4 meses. Este programa contará con 19,5 millóns de euros en 2015.


En coherencia con este compromiso, blíndase o orzamento da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e orientase cara o emprego. Destaca, especialmente, o aumento nun 55 por cento do programa de mobilidade transnacional Galeuropa, de realización de prácticas laborais, que poderá superar os 700 beneficiarios o próximo ano.

"Pero non só nos preocupan os mozos, senón tamén outros colectivos que están sufrindo as consecuencias da crise, como son aqueles desempregados de máis de 45 anos", apuntou a conselleira, quen explicou que se está traballando para elaborar un plan específico dirixido a este grupo de idade.

Tamén no eido do emprego, a inserción laboral das persoas en risco de exclusión é unha liña estratéxica, en tanto "a mellor forma de evitar que esta situación se cronifique é a obtención dun emprego". Para avanzar nesta liña, a orde de contratación para perceptores da RISGA dobrará o seu orzamento ata os 10 millóns de euros.

Xa para rematar, Mato tamén incidiu en que o próximo ano blindaranse as partidas destinadas aos autónomos, emprendedores e cooperativas, cun total de 27 millóns de euros. A área de formación, pola súa banda, rexistrará un aumento do 4,5 por cento, e acadará os 66 millóns de euros.

"En definitiva, son uns orzamentos elaborados desde o rigor e a responsabilidade, que sinalan o inicio do camiño da recuperación e que medran por primeira vez desde 2011. Crear novas oportunidades para os traballadores e velar polo maior benestar dos galegos e galegas seguirán sendo o obxectivo número un deste departamento", concluíu Beatriz Mato.



Beatriz Mato e Rocío Mosquera presidiron a segunda xuntanza da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Atención Sociosanitaria de Galicia

- Derivar o usuario ao dispositivo máis axeitado para a súa atención, garantir unha rápida derivación dun recurso a outro, e dispoñer de servizos suficientemente diversificados e dotados, son os piares nos que se apoia a Comisión



Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2014.- As conselleiras de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, e de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, presidiron esta semana a segunda xuntanza da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Atención Sociosanitaria de Galicia, institución destinada a garantir unha axeitada, efectiva e eficiente cooperación entre a rede de servizos sociais e sanitarios conseguindo, deste xeito, un sistema de atención adaptado ás necesidades da cidadanía nun continuo asistencial de sanidade e servizos sociais.

A atención sociosanitaria ten unha especial relevancia polo aumento da esperanza de vida, a cronicidade dos procesos e a presenza de dependencia e discapacidades asociadas. Derivar o usuario ao dispositivo máis axeitado para a súa atención, garantir unha rápida derivación dun recurso a outro, e dispoñer de servizos suficientemente diversificados e dotados, son os piares nos que se

apoia a Comisión para orientar as directrices da política sociosanitaria de Galicia e coordinar as distintas administracións públicas de acordo con criterios de igualdade, equidade, accesibilidade, universalidade e complementariedade das accións.

Durante a reunión abordáronse, entre outros temas, as actividades do Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia neste ano e no 2013, así como a colaboración conxunta dos departamentos que dirixen Beatriz Mato e Rocío Mosquera co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, para elaborar a Estratexia nacional de atención e coordinación sociosanitaria. Ademais, analizáronse outros aspectos como a avaliación do acceso á historia clínica electrónica nas residencias de maiores, ou as actividades formativas dirixidas a profesionais e cuidadores informais.

O Plan céntrase naqueles perfís de pacientes nos que a priori concorren a necesidade de

coidados sanitarios, unha determinada limitación funcional ou diversos graos de dependencia, así como a ausencia de rede social ou apoio adecuado. O obxectivo é que unha vez identificadas estas persoas, poidan propoñer os recursos máis axeitados a cada situación.

Entre outras actividades realizadas no Plan no 2013, cómpre destacar a primeira edición dun curso de formación específico para persoal sanitario de residencias centrado nas patoloxías máis comúns nestes centros e segundo o Plan de prioridades da Consellería de Sanidade, e do que se realizaron 5 edicións con 136 inscritos. Ademais, dentro da actividade docente da Fegas (Escola Galega de Administración Sanitaria) impartíronse cursos nos que puideron participar profesionais sanitarios de centros de maiores e de discapacitados abarcando temas como os aspectos éticos e legais en pacientes de perfil sociosanitario; a abordaxe sociosanitaria

da discapacidade e das grandes síndromes xerátricas dende atención primaria; ou a innovación e as novas tecnoloxías na atención sociosanitaria.

Outras actividades do Plan no 2013 foron a modificación do decreto de acceso á historia clínica electrónica que permite o dito acceso e rexistro a médicos de centros sociosanitarios públicos; ou o programa MIAvizo, da Consellería de Traballo en colaboración co 061, concibido para favorecer a permanencia no domicilio de maiores que viven sós, ofrecéndolles seguridade a través da teleprevención sanitaria.

Hai que sinalar, por último, que a Comisión está composta, ademais de polas titulares da Consellería de Sanidade e da Consellería de Traballo e Benestar, polos titulares das secretarías xerais de ambos departamentos, dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde, un representante de cada unha das diferentes áreas da Administración da Xunta de Galicia con competencias no ámbito sociosanitario, e un representante da Consellería de Economía e Facenda.

<http://www.sergas.es/Publicaciones/DetallePublicacion.aspx?IdPaxina=40008&IDCatalogo=2288>



A Xunta segue a incrementar as prazas públicas de maiores que acadarán a finais deste ano un 50% máis das que había en 2009

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2014.- O Goberno galego reiterou a súa aposta polas políticas dirixidas a mellorar a calidade de vida das persoas maiores centradas en actuacións destinadas ao envellecemento activo, a prevención da dependencia, a mellora dos servizos e a coordinación sociosanitaria. Así o destacaron hoxe as conselleiras de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e de Sanidade, Rocío Mosquera, na celebración do Día do Maior da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos que tivo lugar en Santiago.

Por unha banda, e con respecto á mellora dos servizos de calidade, Mato indicou que nos últimos cinco anos a Xunta puxo en marcha preto de 3.000 prazas públicas en residencias, centros de día e centros de Alzheimer e avanzou que antes de que remate este ano crearanse outras 170 novas prazas públicas, o que suporá que haberá un incremento de prazas do 50 por cento con respecto ás que había en 2009.

Ademais, Mato indicou que a Xunta está levando a cabo un proceso de renovación da atención social, apostando polo modelo de carteiras co que asegurou que "se ampliará, diversificará e especializarán os servizos sociais de Galicia confeccionando un traxe a medida das necesidades específicas de cada usuario".

Galicia, rexión de referencia

Con respecto ás medidas destinadas ao envellecemento activo, a titular de Benestar lembrou que a Comisión Europea nomeou a Galicia o ano pasado como rexión de referencia do envellecemento Activo polos avances acadados nesta materia entre os que destacou os sistemas avanzados en teleprevención postos en marcha pola Xunta, como son

o sistema MiAvizo. Neste eido do envellecemento activo, Mato fixo especial fincapé na importancia dos programas de educación sénior e, neste ámbito, indicou que a Consellería leva apoiando desde 2009 medidas encamiñadas a acadar este obxectivo a través do Plan de maiores, xa que asegurou que "a educación sénior fomenta as relacións e a solidariedade interxeracional". En global, desde 2009, a Consellería de Traballo e Benestar ten destinado 155.000 euros a apoiar as actuacións que desenvolve a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal).

En canto ás iniciativas levadas a cabo para previr a dependencia, Mato resaltou que a Xunta puxo en marcha por primeira vez o pasado ano unha Estratexia para a prevención da dependencia, unha folla de ruta ata o ano 2020 que contén 400 medidas para "consolidar o enfoque preventivo en todas as políticas sociais de Galicia".

Por último, a conselleira de Benestar fixo fincapé na mellora da coordinación sociosanitaria para ofrecer mellores servizos aos maiores lembrando que existe un Plan marco de atención sociosanitaria que clasifica en cinco perfís diferentes a poboación á que vai dirixida (as persoas maiores enfermas; con discapacidade física e dependencia funcional elevada; con discapacidade asociada a enfermidade mental; persoas con discapacidade intelectual; e as persoas en coidados paliativos). Tamén fixo referencia á Estratexia de cronicidade coa que se pretende actuar contra estas enfermidades que son as que máis limitan a calidade de vida dos maiores.

Atención específica aos maiores

Pola súa parte, na súa intervención, a conselleira de Sanidade destacou que o seu

- As conselleiras de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e de Sanidade, Rocío Mosquera, participaron en Santiago na celebración do Día do Maior
- Mato destacou os avances realizados polo Goberno galego en materia de envellecemento activo, prevención da dependencia, mellora de servizos e coordinación sociosanitaria

departamento ten o reto de afrontar as consecuencias que o envellecemento da poboación galega ten na asistencia sanitaria, así como o incremento que supón a cronicidade das patoloxías que padecen as persoas maiores, e as repercusións na súa calidade de vida e na do seu contorno familiar.

Na estratexia do Sergas queremos prestar, -dixo a conselleira-, unha atención integral dirixida a colectivos específicos que necesitan unha atención diferenciada, como é o caso das persoas maiores. A visión biopsicosocial permite que teñamos unha realidade integral das necesidades do maior e, nesa liña, tentamos ofrecer a máxima eficacia dos recursos de que dispoñemos, -remarcou Rocío Mosquera-.

Tal e como subliñou a titular da carteira sanitaria do Executivo galego, impulsar no sistema sanitario a sensibilidade necesaria ante as necesidades que este grupo de poboación precisa, supón un cambio na mentalidade da organización cunha visión integral, e na distribución do traballo interdisciplinar dos profesionais sanitarios e sociais involucrados na súa atención. O obxectivo marcado por Sanidade

é mellorar a saúde e a calidade de vida dos maiores respondendo ás súas necesidades mediante dispositivos asistenciais e plans específicos. Así, Rocío Mosquera destacou que o seu departamento e a Consellería de Traballo están levando a cabo iniciativas que permitirán dar a mellor atención no lugar máis axeitado para os maiores, por iso reiterou a importancia que supón seguir traballando coordinadamente.

Rocío Mosquera destacou, tamén, que a través da Escola de Maiores, dentro das actividades da Escola Galega para Cidadáns da Consellería de Sanidade, están programados 72 talleres para impartir en centros sociocomunitarios, para este ano, centrados en temas como a alimentación, a hixiene e prevención de úlceras, o exercicio e o ocio, o uso seguro de medicamentos, a musicoterapia e recuperación de cancións populares, a comunicación efectiva e a prevención de conflitos, o uso da internet, talleres de memoria ou recursos sociosanitarios. Nos seis primeiros meses do ano xa se formaron grazas a esta iniciativa un total de 866 alumnos.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-maiores>



Benestar convoca 240 prazas para participar no programa 'Xuntos polo Nadal' dirixido a persoas maiores de 60 anos

- ▶ O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 15 de novembro
- ▶ A iniciativa terá lugar entre o 23 de decembro e o 2 de xaneiro nas residencias de tempo libre do Carballiño e Panxón
- ▶ Os solicitantes cuns ingresos inferiores ao IPREM poderán participar de forma gratuita

Santiago, 1 de novembro de 2014.- A Consellería de Trabajo e Benestar convoca este ano 240 prazas para participar no programa Xuntos polo Nadal dirixido a persoas maiores de 60 anos. Trátase dunha iniciativa destinada a aquelas persoas que se atopan soas e queiran pasar o Nadal en compañía. Deste xeito, o programa ten lugar entre o 23 de decembro e o 2 de xaneiro nas residencias de tempo libre do Carballiño para residentes nas provincias de Pontevedra e Lugo; e na de Panxón, para os maiores da Coruña e Ourense. Cada emprazamento contará con 120 prazas.

O prazo de inscrición rematará o próximo 15 de novembro.

Poderán participar as persoas maiores de 60 anos residentes en Galicia, que se poidan valer por si mesmos, non padezan enfermidade infecto - contagiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia e que non estean acollidos nun centro residencial.

Para a selección dos participantes darase prioridade aos que realmente vivan sos e non teñan con quen pasar estas datas; teñan un menor nivel de ingresos económicos; non participasen neste ano en ningunha quenda do programa de Benestar en balnearios nin en pasadas edicións do programa

Xuntos polo Nadal; e, por último, terán preferencia as persoas con máis idade.

O programa contempla o aloxamento e manutención en réxime de pensión completa durante 11 días. A saída desde os puntos de orixe (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense) realizarase o día 23 de decembro pola mañá e o regreso será o día 2 de xaneiro despois de xantar. Os solicitantes cuns ingresos inferiores ao IPREM (532,51 euros) asistirán de forma gratuita a esta iniciativa e o resto de participantes colaborarán co pagamento da estadia cunha achega de 50 euros.

As solicitudes poden presentarse nos servizos sociais comunitarios dos concellos, nos servizos sociais de atención primaria de saúde, nas xefaturas territoriais e nos centros sociocomunitarios de benestar dependentes da Consellería de

Trabajo e Benestar.

Os interesados poderán acceder aos modelos de solicitude ou recibir máis información na páxina web do departamento autonómico:

<http://benestar.xunta.es> ou no Teléfono Social 900333666.

http://benestar.xunta.es/web/portal/planseprogramas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_



Benestar destaca a importancia de unir esforzos para apoiar o acceso ao mercado laboral dos máis desfavorecidos

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, entregou os diplomas aos participantes da iniciativa 'Aprender traballando' da Fundación Secretariado Xitano en Santiago
- ▶ Este ano o departamento autonómico incrementou a orde de axudas para entidades de inclusión social para toda Galicia ata acadar os 3,7 millóns de euros
- ▶ Este esforzo permitiu incrementar o número de entidades con axuda ata as 117 en toda Galicia, un 11,4% máis que en 2013, ademais de que a maior parte das entidades perciben unha contía maior

Santiago, 3 de outubro de 2014.- A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, destacou a importancia de que a Administración, as empresas e as entidades sociais unan esforzos para apoiar os máis desfavorecidos de cara ao seu acceso ao mercado laboral.

Amparo González entregou os diplomas aos participantes da iniciativa 'Aprender traballando' da Fundación Secretariado

Xitano en Santiago e indicou que a integración laboral na empresa ordinaria constitúe un recurso para evitar a exclusión social, polo que é fundamental que estas persoas se sintan acompañadas neste proceso de inserción por unha figura profesional en continua formación. Neste caso, a iniciativa contou coa participación de 32 alumnos, dos que o 25% conseguiu un emprego.

A directora xeral explicou

que a Consellería conta cun compromiso "prioritario e ineludible" de promover e facilitar a inclusión social "da man das entidades do terceiro sector" que operan en Galicia, como é o caso do Secretariado Xitano. En concreto, este ano o departamento autonómico incrementou a orde de axudas para entidades de inclusión social para toda Galicia ata acadar os 3,7 millóns de euros. Trátase do segundo incremento consecutivo, tras o rexistrado en 2013, polo que nos dous últimos anos o financiamento desta convocatoria subiu nun 28 por cento, o que evidencia o "compromiso" do departamento autonómico coa inclusión social.

Este esforzo permitiu

incrementar o número de entidades con axuda ata as 117 en toda Galicia, un 11,4% máis que en 2013, ademais de que a maior parte das entidades perciben unha contía maior.

Así, nesta mesma liña de actuación, enmárcase tamén a posta en marcha, este ano por vez primeira, dunha orde para a contratación de persoas que perciben a RISGA, dotada con 5 millóns de euros.

Ademais, Amparo González lembrou que ano tras ano se aumenta a partida destinada á inclusión. En 2014 destínanse 59,2 millóns de euros, un 13,6% máis que en 2013. Só para a RISGA hai orzados 42,7 millóns de euros, un 30% máis que o orzamento inicial do 2013.

Benestar reforza o programa Mentor para a inserción sociolaboral dos menores en situación de desprotección



A Coruña, 23 de outubro de 2014.- A Consellería de Trabajo e Benestar reforza o seu compromiso co programa Mentor para a inserción sociolaboral dos mozos e mozas en situación de desprotección. Así o destacou a directora xeral de Familia e Benestar, Amparo González, na Coruña na inauguración das xornadas 'Os programas de tránsito á comunidade nos centros de acollimento residencial. Situación actual e perspectivas' organizadas pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.

O programa Mentor segue

a inserción sociolaboral de mozos e mozas maiores de 16 anos, tutelados o en garda pola Xunta, con medidas xudiciais ou en conflito social. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida destes mozos a través dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao alcanzar a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos.

González sinalou que a Xunta foi pioneira en Galicia en poñer en marcha programas de orientación e apoio aos menores en

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, inaugurou na Coruña as xornadas 'Os programas de tránsito á comunidade nos centros de acollimento residencial. Situación actual e perspectivas'
- ▶ Destacou que a Consellería de Trabajo e Benestar foi pioneira na posta en marcha de programas como o Mentor no que participan anualmente máis de 400 mozos e mozas
- ▶ A porcentaxe media de inserción laboral dos mozos e mozas a través desta iniciativa é do 20 por cento
- ▶ González resaltou que a Xunta está a apoiar as iniciativas de investigación propostas polas universidades no eido da protección de menores

desamparo que acaden a maioría de idade. Destacou que nos últimos anos o programa Mentor consolidouse e ampliou os seus obxectivos cara a capacitación para a vida independente do colectivo de mozos e mozas próximos aos 18 anos e resaltou que esta iniciativa se converteu nun referente a nivel europeo. Neste senso, lembrou que Mentor foi considerado como boa práctica na memoria de execución do Fondo Social Europeo (FSE) da Xunta no ano 2011.

Anualmente participan nesta actuación máis de 400 mozos e mozas e a porcentaxe media de inserción laboral dos participantes rolda o 20 por cento.

Por outra banda, a directora xeral apuntou que no ámbito dos menores que teñen que cumprir medidas xudiciais de internamento, a Xunta conta co denominado programa 'Organización do

traballo remunerado e a formación ocupacional dos menores infractores Internados en centros de reeducación', unha iniciativa que oferta recursos de formación prelaboral dentro dos centros. O pasado ano tomaron parte nesta actuación 164 menores.

Por último, a responsable da área autonómica resaltou a importancia da participación doutros axentes sociais na integración social dos mozos e mozas. Neste senso, especificou que a Universidade ten un papel esencial na investigación e formación de profesionais para poder ofrecer un traballo de calidade e poder obter mellores resultados.

<http://www.programamentor.org/web/?lang=ES>



O ISSGA pon en marcha unha campaña de formación con 85 cursos para previr os riscos laborais no sector agrogandeiro e forestal

- ▶ O obxectivo destes cursos, presenciais e de carácter gratuito, é ofrecer unha formación práctica para un traballo seguro no sector e proporcionar aos traballadores boas prácticas no manexo da maquinaria agrícola

Cervo (Lugo), 13 de outubro de 2014.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), organismo dependente da Consellería de Traballo e Benestar, porá en marcha unha campaña específica de formación práctica en materia de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios para traballadores e traballadoras do sector agrogandeiro e forestal. A iniciativa consta, entre outras actuacións, dun total de 85 cursos presenciais que serán gratuitos.

A directora do Instituto, Adela Quinzá-Torrea, presentou en Cervo esta iniciativa que ten como obxectivo principal ofrecer aos destinatarios unha formación práctica para desenvolver un traballo seguro no sector e proporcionarlles a adquisición de boas prácticas no manexo da maquinaria agrícola e forestal. Así mesmo, coa campaña preténdese fomentar a adquisición dunha cultura preventiva e diminuír os accidentes laborais, así como dotar os traballadores dos coñecementos básicos en primeiros auxilios para unha primeira actuación ante un posible sinistro.

Os 85 cursos, a través dos que se ofertan 70 prazas, divídense en catro temáticas: prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria agrícola e manexo práctico do tractor e os seus apeiros (15 edicións); no manexo de maquinaria forestal e manexo práctico de motoseerra e rozadoira (15 edicións); prevención de riscos laborais en explotacións agrogandeiras (15 edicións); e curso básico de primeiros auxilios e actuacións ante os accidentes laborais (40 edicións).

Para obter máis información destes cursos e dos concellos nos que se desenvolverán pódese consultar a web <http://issga.xunta.es>.

A directora do ISSGA, ademais de explicar as características das accións formativas, destacou que o Instituto conta con máis actuacións dirixidas aos traballadores deste sector. Así, lembrou que a Consellería ten elaborado diverso material didáctico co obxecto de introducir unha cultura preventiva e de formación no eido rural que, xunto co asesoramento técnico nas



explotacións agrícolas, sirva para implantar na práctica os aspectos teóricos desenvolvidos.

A elaboración de material formativo e informativo dirixido ao sector primario realízase en diversos formatos: carteis, fichas divulgativas, guías de boas prácticas, ou mesmo vídeos. De entre todo este material, Quinzá-Torrea resaltou a colección de fichas Atende no sector do agro na que se abordan aspectos como a prevención de riscos co tractor, a motoseerra e a rozadoira; os produtos químicos no agro; prevención de riscos nos traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario; a muller no agro: embarazo e lactación; e prevención de riscos laborais no uso de fertilizantes.

A directora do ISSGA, ademais, resaltou a colección

de fichas de Investigación de accidentes no sector agrario que recolle unha selección dos 19 accidentes laborais máis representativos no sector agrario pola súa frecuencia ou gravidade, ao tempo que ten en conta a investigación que realizaron os técnicos do ISSGA.

Por último, Quinzá-Torrea sinalou que recentemente se puxo en marcha unha campaña específica sobre prevención de riscos no tractor que ten como obxectivo chegar á poboación rural que utiliza o tractor, dúas mensaxes: alertar e concienciar dos riscos do manexo do tractor e dos seus aparellos e informar das causas máis recorrentes dos sinistros e, en segundo lugar, facilitar recomendacións básicas para previr accidentes laborais ou minimizar as súas consecuencias.

http://issga.xunta.es/portal/contido/actividade/actividade_0002.html

ISSGA
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

PREVENCIÓN DE RISCOS

NO TRACTOR

Quero saber máis

A nova directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso Montero, toma posesión do seu cargo

Santiago, 6 de outubro de 2014.- A nova directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso Montero, tomou posesión do seu cargo. É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e ata o de agora era asesora xurídica da Consellería do Medio Rural e do Mar. Con anterioridade foi titular do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo da Asesoría Xurídica Xeral, e entre outubro de 2003 e agosto de 2005 foi directora xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca.



Galicia rexistrou un total de 1.990 accidentes laborais no mes de setembro

- ▶ Do total dos accidentes, 1.941 foron accidentes leves, 45 graves e 4 mortais
- ▶ O comportamento dos sectores non foi uniforme: diminuíron os accidentes na industria nun 2,19%, mantivéronse na pesca en 86 accidentes e aumentaron nos demais sectores

Santiago, 26 de outubro de 2014.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en setembro de 2014 aumentou un 2,26%. Neste mes rexistráronse 1.990 accidentes fronte aos 1.946 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 1.941 foron accidentes leves, 45 graves e 4 mortais.

O comportamento dos sectores non foi uniforme: diminuíron os accidentes na industria nun 2,19%, mantivéronse na pesca en 86 accidentes e aumentaron nos demais sectores. Os accidentes aumentaron na agricultura, nun 0,81%; nos servizos, nun 3,58%; e na construción, nun 8,82%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral,

utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 1,45% en setembro deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, diminuíu a incidencia na industria nun 0,38%. Nos demais sectores os aumentos foron: na agricultura, nun 0,95%; nos servizos, nun 1,79%; na pesca, nun 3,11%; e, na construción, nun 9,58%.

Doutra banda, a sinistralidade laboral aumentou un 1,97% nos primeiros nove meses do ano, cun total de 16.648 accidentes laborais fronte aos 16.327 no mesmo período do ano 2013.

Agás en Pontevedra, este aumento dos accidentes laborais deuse en todas as provincias. Aumentaron os accidentes na Coruña, nunha porcentaxe do 4,07%; en Lugo, nun 5,80%; e en Ourense, nun 5,21%. Os accidentes diminuíron en Pontevedra nun 3,22%.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/>

ISSGA INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Saúde laboral no marisqueo a pé

Quero saber máis

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

O ISSGA Actualidade Documentación Observatorio Actividade Formación Perfil do contratante

FORMACIÓN **NOVAS** **ACTIVIDADE** **EVENTOS**

Máis de 14.000 persoas beneficiaríanse da orde de formación para ocupados grazas a un orzamento de 6,5 millóns de euros

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta convocatoria de axudas para accións formativas, que estarán adaptadas ás necesidades do mercado de traballo
- ▶ O seu obxectivo é favorecer o desenvolvemento profesional dos beneficiarios, e mellorar tamén a competitividade e produtividade das empresas

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014.- Máis de 14.000 persoas, prioritariamente traballadores ocupados, poderán beneficiarse da orde destinada a financiar plans de formación, dotada con 6,5 millóns de euros e que se publica no Diario Oficial de Galicia (DOG). Nestas accións tamén estarán abertas para os desempregados, sempre que supoñan un mínimo do 20 por cento e un máximo 40 por cento do alumnado.

As actividades están deseñadas para axustarse ás necesidades do mercado de traballo. O seu obxectivo fundamental é favorecer o desenvolvemento, tanto persoal como profesional,

dos beneficiarios, ao tempo que se mellora a competitividade e produtividade das empresas.

A convocatoria divídese en catro eixos: plans de formación intersectorial; plans de formación intersectorial para traballadores e socios da economía social; dirixidos a traballadores autónomos; e plans específicos nos que se imparta formación parcial acumulable asociada á obtención de certificados de profesionalidade.

Así, o primeiro eixo está dotado con 5 millóns de euros. Os cursos serán desenvolvidos polas organizacións empresariais e sindicais intersectoriais máis representativas.



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141027/AnuncioCA05-221014-0001_gl.pdf

O segundo eixo vai dirixido a confederacións e federacións de cooperativas ou sociedades laborais con suficiente implantación, e contará con 162.500 euros. Pola súa banda, as entidades asociativas de traballadores autónomos, sempre que sexan intersectoriais e de ámbito galego, poderán recibir ata 195.000 euros.

O cuarto e o último eixo é o referido aos plans específicos nos que se imparta formación parcial acumulable asociada á obtención de certificados de profesionalidade, e que estará dotado con 1,1 millóns de euros. Os beneficiarios serán os centros e

entidades de formación privadas, acreditados no Rexistro Oficial de Centros de Formación para o Emprego de Galicia.

Toda a formación, que poderá ser presencial, de teleformación ou mixta, deberá cumprir todos os requisitos de calidade e estará supervisada polo departamento autonómico.

Ademais, cabe lembrar que aqueles desempregados que participen nestas accións poderán obter axudas por asistencia, aloxamento e manutención, transporte, e conciliación; así como para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero.

<http://traballo.xunta.es/axudas-e-subsencions>

The screenshot shows the 'Portal de Traballo' website. The main navigation bar includes 'Inicio', 'Subscripcións', 'Mapa do portal', 'Contacto', 'Suestións e queixas', 'Accesibilidade', and 'GALEGO | CASTELLANO'. The main content area is titled 'Plans de Formación 2014-2015' and includes a 'Normativa' section with the text: 'ORDE do 24 de outubro de 2014 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.' There are also sections for 'Directo a' (listing 'Cualificacións', 'Certificados de profesionalidade', 'Plan AFD', 'Rede de Centros e Entidades de Formación para o Emprego', and 'Ficheiro de especialidades formativas') and 'Destacados' (listing 'Plans de Formación 2014-2015', 'Competencias Clave', 'Procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral', and 'Acceda ás novidades de formadores ocupacionais').

Mato reafirma o compromiso do Goberno galego co colectivo autónomo ao que destina este ano 25 millóns de euros

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou a sede de APE Galicia en Pontevedra onde mantivo unha reunión coa xunta directiva desta asociación
- ▶ Traballo colabora con esta entidade con máis de 900.000 euros desde 2009
- ▶ Neste sentido, en 2014, a partida total destinada aos autónomos acada os 25 millóns de euros
- ▶ Dentro do orzamento global, o departamento autonómico destinará 4,5 millóns para beneficiar preto de 1.500 mozos e mozas menores de 30 anos



Pontevedra, 13 de outubro de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar apoia a Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos de Galicia (APE Galicia) con máis de 900.000 euros desde 2009, a través de diversas liñas de colaboración.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza coa directiva desta asociación en Pontevedra inscrita no apoio que o Goberno galego está prestando ao colectivo de autónomos. APE Galicia recibe axudas da Consellería para prevención de riscos laborais, plans de cooperación, axentes de emprego, formación ou desenvolvemento de xornadas, entre outras.

Neste sentido, en 2014, a partida total destinada aos autónomos galegos acada os 25 millóns de euros e inclúe diversas axudas tanto para o establecemento como autónomo ou por conta propia, como para a redución de xuros do préstamo necesario para o financiamento do inmovilizado necesario para o desenvolvemento da actividade. Ademais existen varias iniciativas como o programa para persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas; subvencións para iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E); e o programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).

En canto aos autónomos menores de 30 anos, a Consellería conta con tres medidas

específicas para eles, ás que se destinan 4,5 millóns para beneficiar preto de 1.500 mozos. Esta medida forma parte das 19 actuacións do Plan de emprego xuvenil da Xunta. A orde prevé contías de entre 1.200 e ata 12.600 euros por desempregado.

